

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### BANCO DE ESPAÑA

- 3368** *Resolución do 28 de marzo de 2017, do Banco de España, pola que se corríxen erros na Circular 7/2016, do 29 de novembro, pola que se desenvolven as especificidades contables que aplicarán as fundacións bancarias, e pola que se modifican a Circular 4/2004, do 22 de decembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros, e a Circular 1/2013, do 24 de maio, sobre a Central de Información de Riscos.*

Advertido erro na Circular 7/2016, do 29 de novembro, do Banco de España, pola que se desenvolven as especificidades contables que aplicarán as fundacións bancarias, e pola que se modifican a Circular 4/2004, do 22 de decembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros, e a Circular 1/2013, do 24 de maio, sobre a Central de Información de Riscos, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 292, do 3 de decembro de 2016, procede efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 16, na nota (a) do estado FB.3 «Desagregación do investimento en activos financeiros por contraparte», onde di: «(a) Informarase do investimento en activos financeiros, diferentes daqueles que presenten unha elevada liquidez e calidade crediticia, mantidos directamente no balance pola fundación bancaria con cada unha das contrapartes distintas da entidade de crédito participada pola fundación, cando o importe en libros agregado dos investimentos con cada unha das ditas contrapartes sexa maior ou igual ao 5 % do patrimonio neto da fundación», debe dicir: «(a) Informarase do investimento en activos financeiros, diferentes daqueles que presenten unha elevada liquidez e calidade crediticia, mantidos directamente no balance pola fundación bancaria ou indirectamente a través dunha sociedade intermedia con cada unha das contrapartes distintas da entidade de crédito participada pola fundación, cando o importe en libros agregado dos investimentos con cada unha das ditas contrapartes sexa maior ou igual ao 5 % do patrimonio neto da fundación».

Madrid, 28 de marzo de 2017.—O secretario xeral do Banco de España, Francisco Javier Priego Pérez.